

Vínculos coa natureza

A terra precisa descansar.



Nas sociedades agrícolas tradicionais practícase o barbeito, unha técnica agrícola que deixa descansar durante un ou varios anos as terras de cultivo. Desta maneira, esas terras recupéranse, conservan a humidade e van rexenerando a súa fertilidade para cando volvan ser cultivadas. Normalmente alétranse terras en barbeito con outras cultivadas para que as comunidades agrícolas poidan seguir mantendo os seus cultivos. O barbeito é unha técnica respectuosa co medio ambiente que, ademais, evita o uso de pesticidas e fertilizantes artificiais. Observa esta foto dun terreo en barbeito xunto a outro produtivo.

Agricultura ecolóxica: sistema agrario cuxo obxectivo é a obtención de alimentos de calidade respectando o medio ambiente e conservando a fertilidade da terra mediante a utilización dos recursos naturais.

Coñecías esta práctica? Que che parece? Cres que se debe utilizar en todos os cultivos? *Non. Me parece e unha boa forma de facer que a terra non este abarrotada. Si.*

As técnicas de agricultura tradicional, como o barbeito, ou da agricultura ecolóxica permiten a produción de alimento ao tempo que coidan do contorno. Na Biblia, nos seus libros máis antigos, aparece xa esta necesidade de que a terra descanse: "Durante seis anos sementarás os teus eidos, poderás a túa viña e recollerás os seus froitos. O sétimo ano será de repouso total en honra do Señor para esa terra" (Lev 25,3-4).

REPARTIMOS O TRABAJO Agora que se sabe todo isto, comprendemos que podemos colaborar co descanso da terra aprendendo a consumir produtos de agricultura ecolóxica e sustentable. Investigade sobre as cooperativas de consumo sustentable e onde comprar produtos ecolóxicos.

- Elaborade unha lista cos lugares onde podedes adquirir estes produtos na vosa vila ou no voso barrio. *Terra, casa do meu veciño, Lidl, Eroski, Mercadona.*
- Escollede un produto, por exemplo, uns tomates dun determinado tipo. Localizade este tipo de tomate, tanto ecolóxicos coma de procedencia normal. Comparádeos e vede aspectos a favor e en contra de cada un: calidade, prezo, aspecto...

